



ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Educación, Cultura e Deportes

R.P. 2021/4758. Aprobación das bases do XVI Premio “Castelao” de banda deseñada

XVI Premio “Castelao” de banda deseñada

Tendo en conta a significación do colectivo que traballa na creación en banda deseñada en Galicia, que é considerado o máis importante do panorama estatal, a Deputación da Coruña, sensible á significación que está a ter este sector da cultura galega, convoca o XVI Premio “Castelao” de banda deseñada, de acordo coas seguintes

BASES

Primeira

Poderán participar todas as persoas, maiores de idade, que non fosen premiadas con este premio nos cinco anos anteriores a este, e que presenten narracións en banda deseñada escritas en lingua galega.

As obras deberán ser inéditas, non premiadas en ningún outro certame, nin publicadas ou rexistradas, total ou parcialmente.

A orixinalidade da obra e a súa autoría xustificárase mediante unha declaración responsable manifestando ser a persoa autora e titular de todos os dereitos.

En consecuencia, a Deputación Provincial da Coruña non se fará responsable das posibles denuncias por plaxio ou eventualidade similar que poideran xurdir, recaendo na persoa participante afectada as accións legais que procedan e asumindo, se é o caso, as indemnizacións que poideran corresponder polos prexuízos ocasionados a particulares ou á organización.

As persoas participantes terán a obriga de comunicarlle á Deputación a concesión de calquera premio que obteña a obra presentada, no momento en que esta situación se produza, o que dará lugar á súa exclusión do premio.

As obras presentadas poderán ser escritas e debuxadas, cada unha delas, por un máximo de dúas persoas autoras (unha como guionista e outra como debuxante).

Segunda

Establécense dous premios, dotados con 6.500 € cada un deles, para cada unha das seguintes categorías:

MODALIDADE XERAL: obras dirixidas a todo tipo de lectores.

MODALIDADE LIX: obras dirixidas especificamente ao público lector infantil e xuvenil.

As obras unicamente poderán presentarse a unha das dúas categorías.

Os premios poderán quedar desertos e ser concedidos con carácter ex aequo; neste caso, os seus importes repartíranse proporcionalmente entre as persoas que resulten premiadas.

Esta cantidade está suxeita ás retencións legais que lle sexan aplicables.

O premio non poderá concederse a título póstumo, sin prexuízo dos dereitos de sucesión que poidan exercerse si a/s persoa/s autora/s falecesen despois do fallo do xurado.

A Deputación publicará a/s obra/s premiada/s, reservándose durante un prazo de dezoito meses, que se contarán dende a data da concesión do premio, os dereitos de editala/s. Ademais entregará á/s persoa/s gañadora/s trinta exemplares.

Terceira

A temática das obras será libre e poderá tratarse dunha historia única ou dun conxunto de historias.

As obras presentaranse en soporte dixital, figurando a tamaño final e en resolución de 300 ppp para color, 400 ppp para grises, ou 600 ppp para branco e negro, en soporte USB/CD e formato TIFF

Poderán presentarse indistintamente:

* **Proxectos**, que consistirán en un dossier con un mínimo de 16 páxinas rematadas, tamaño A4, formato PDF, e unha sinopse detallada do contido da obra completa, con unha extensión máxima de tres páxinas.

* **Obras completas**, tanto en guión coma en debuxo, en cuxo caso deberán ser orixinais, inéditas e non publicadas, na súa totalidade ou parcialmente.

En todo caso, a extensión da obra finalizada terá un mínimo de 48 páxinas.

Os orixinais seranlle requiridos as persoas gañadoras para o proceso de edición e de preparación da exposición. No caso de proxectos, terán un prazo de 6 meses, dende a data de concesión do premio, para entregar a obra completa.

A presentación farase en formato dixital, por medio dun USB/CD que incluírá na carátula a seguinte inscrición: XVI Premio “Castelao” de banda deseñada, a categoría na que se presenta, o título da obra/proxecto ou o seu lema.

A obra será presentada baixo o sistema de plica, polo que a obra será enviada achegada dun sobre á parte; no exterior do sobre figurará o título da obra e o lema ou pseudónimo da/s persoa/s autora/s; no interior incluírase a documentación seguinte:

- Copia do documento de identidade.
- Enderezo, teléfono de contacto e correo electrónico.
- Breve currículo.
- Declaración responsable manifestando ser a/s persoa/s autora/s e titular/es de todos os dereitos.
- Declaración expresa de que a obra é inédita e que non foi premiada, ata a data da súa presentación, en ningún outro certame ou premio.
- Escrito de cesión dos dereitos de edición da obra (incluídos os de publicación, distribución e explotación) por un prazo de dezaioito meses desde a data de concesión definitiva do premio.
- Declaración de consentimento expreso para o tratamento dos datos persoais que constan na solicitude para a participación no XVI Premio “Castelao” de banda deseñada de conformidade co establecido na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

No caso de autoría conxunta, ademais da documentación anterior, deberá incluírse un documento explícito coa participación de cadaquén e a porcentaxe do premio pactada entre as persoas autoras e asinada por elas.

Cuarta

O prazo de presentación de solicitudes determinarase no anuncio de publicación da convocatoria deste premio no BOP da Coruña, a través do Sistema Nacional de Publicación de Subvencións.

As obras ou proxectos xunto coa plica serán enviados á Deputación da Coruña, Avda. Porto da Coruña 2, 15003 A Coruña, indicando no sobre “XVI Premio “Castelao” de banda deseñada “.

Quinta

O xurado estará presidido pola persoa que ocupe a Presidencia da Deputación ou persoa en quen delegue e formarán parte del cinco persoas de recoñecido prestixio no ámbito da banda deseñada, nomeadas por ela.

As funcións de secretaría exerceraas o secretario da Corporación, ou a funcionaria ou funcionario en quen delegue.

Para o nomeamento do xurado respectarase a presenza equilibrada de mulleres e homes, en cumprimento do disposto no Capítulo I, artigo 5.2d) do Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade

As persoas que integren o xurado estarán sometidas ao deber de abstención nos casos sinalados no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de rexime xurídico do sector público.

A composición do xurado darase a coñecer, con anterioridade á súa reunión, na páxina web da Deputación (www.dacoruna.gal), co fin de que se poidan interpor, se é o caso, os recursos legais pertinentes.

Sexta

O xurado actuará en pleno e será necesaria a asistencia da maioría simple dos seus membros. Para os efectos da validez da súa constitución aplicarase o disposto no art. 17 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

As deliberacións serán secretas e delas será redactada a acta correspondente.

O xurado presentará a súa proposta á Presidencia da Deputación, que é o órgano competente para conceder o premio.

O fallo do xurado será inapelable. Terá lugar no segundo semestre de 2021 e será dado a coñecer por medio da páxina web da Deputación; a Deputación resérvase o dereito a cambiar a data se é necesario.

Cando os traballos premiados sexan proxectos, a concesión definitiva do premio quedará condicionada a entrega das obras completas e á decisión do xurado, quen verificará que as obras responden á descrición dos proxectos iniciais.

Sétima

Para o pago dos premios terase en conta se os traballos premiados son proxectos ou obras completas, polo que se establece:

Proxectos: o pago realizarase en dous prazos:

- 40%, en concepto de anticipo, unha vez concedido o premio.
- 60%, despois de que o xurado verifique que a obra responde á descrición do proxecto premiado.

Obras completas: o pago realizarase nun único prazo, unha vez concedido o premio.

O incumprimento do prazo previsto para a entrega da obra completa suporá a devolución do importe cobrado en concepto de anticipo.

Oitava

Non se devolverán as obras presentadas e non premiadas e, a partir do día seguinte ao da decisión do xurado, serán destruídas.

Novena

A participación nesta convocatoria supón a total aceptación destas bases.

Décima

Os datos subministrados teñen a finalidade de poder tramitar esta convocatoria e están protexidos pola Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. O responsable do tratamento dos datos é a Deputación Provincial da Coruña, e o encargado será a empresa contratada pola Deputación Provincial para coordinar o Premio, no caso de se contratar. A lexitimación para o tratamento dos datos persoais contidos nesta solicitude é o consentimento que o asinante outorga á Deputación Provincial coa súa firma. No caso de que sexa denegado o consentimento para o tratamento dos datos persoais, non poderá presentarse ao Concurso por imposibilidade de tramitación da solicitude. O destinatario dos datos é a Deputación Provincial que non cederá datos a terceiros, salvo obriga legal. Os datos facilitados conservaranse ata a finalización da tramitación da convocatoria. As persoas que participen na convocatoria teñen os dereitos a acceder, rectificar ou suprimir datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento e solicitar a portabilidade dos mesmos en calquera momento. Estes dereitos poderán exercerse perante as oficinas centrais da Deputación sitas na Av. Porto da Coruña, 2, 15003 A Coruña ou ben a través de medios electrónicos, dirixindo un correo ao enderezo delegadodeprotecciondedatos@dacoruna.gal. Pode consultar a política de privacidade da Deputación na dirección [//www.dacoruna.gal/avisos/politica-privacidade](http://www.dacoruna.gal/avisos/politica-privacidade).

A Coruña, 11 de febreiro de 2021.

O presidente

Valentín González Formoso

O secretario

José Luis Almau Supervía

2021/1436